

Estimados pais,

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia convoca a concesión da axuda económica, a través **da tarxeta benvida**, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2016.

A contía total da axuda será de 1.200 € a razón de **100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla**. No caso de adopción o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes en que se constituía a adopción e ata que o neno ou nena faga un ano.

Serán beneficiarios ou beneficiarias desta axuda, aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

Requisitos:

- a) Que a **persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Galicia**.
- b) Que a renda da unidade familiar do ano 2014 non supere os 45.000 €. No suposto de que esta contía fose superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xeral e do aforro dividida entre o número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500 €.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento.

As solicitudes poden tramitarse en **<https://sede.xunta.es>** cos procedementos BS403B ou ben a través da **Educadora Familiar no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Fisterra**.

Máis información no DOG do 30 de decembro de 2015 ou no departamento de Servizos Sociais do Concello de Fisterra.

Departamento de Servizos Sociais do Concello de Fisterra